



DEBATES NECESARIOS

QUE SABEMOS DO PXOM?

CONFERENCIA E DEBATE

OS VENRES 22 E 29 DE OUTUBRO DE 2021, 20:30 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), continuando coa súa programación anual, organiza para os días 22 e 29 de outubro de 2021 senllos actos que teñen como temática común o PXOM (PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL).

Baixo o título común de QUE SABEMOS DO PXOM?, estes dous actos consistirán no seguinte:

- O venres 22 de outubro de 2021, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, terá lugar unha conferencia a cargo de **Fátima López Soto**, que leva por título "*O Planeamento. Ferramenta para facer cidade*". Presentará **Marisa Barreiro**.

- O venres 29 de outubro de 2021, ás 20:30 horas, tamén na Casa da Cultura de Vilalba, levarase a cabo un debate entre representantes de catro partidos políticos vilalbeses: **Bloque Nacionalista Galego**

(BNG), Partido Popular (PP), Partido Socialista (PSOE) e Vilalba Aberta (VA).

O debate estará moderado por **Baruk Domínguez**.

Estas actividades enmárcanse na denominación xenérica de **DEBATES NECESARIOS**, e dan comezo a un ciclo co que o IESCHA pretende ofrecer a maior información posible sobre asuntos de interese.

A entrada é libre ata cubrir o aforo estipulado, téndose en conta sempre as medidas sanitarias estipuladas en cada momento.